

A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050

Fernando Ramallo (coord.)

A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050

Fernando Ramallo (coord.)

Título: *A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050*

© da obra: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega, 2023

© dos textos: as súas autoras e autores, 2023

Coordinación: Fernando Ramallo

Edición e revisión lingüística: Patricia Buxán Outeiro

Revisión lingüística dos textos de Nee e Xanhe: Jose Rodríguez Gómez

Deseño e maquetación: Alicia Rodríguez Malga e Isidro Dozo Valladares

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-124635-6-9

Depósito legal: VG 323-2023

Impreso en Jadfel Artes Gráficas

Fieis ao principio de sustentabilidade ambiental que, entre outros, rexe as actividades de Catro Ventos, traballamos para que a pegada ecolóxica dos nosos libros sexa a mínima posible. Por iso, nese avance cara á ecoedición, baseado na investigación de procesos e na cooperación coas nosas provedoras, este libro que tes nas mans é moi especial, como che explicamos a seguir.

— O papel ten certificación FSC e está libre de ácidos, metais pesados e cloro (este último é un elemento químico altamente tóxico que adoita empregarse para o branquexamento da pasta de papel).

— Non hai metais pesados (o máis común nas tintas convencionais é o cobalto) nin aceites minerais nas tintas empregadas na impresión. Estas son de base vexetal, polo que están libres de compostos orgánicos volátiles.

— A cuberta non está laminada, é dicir, non leva recubrimento plástico ningún.

— Conseguimos reducir ao máximo as emisións contaminantes ligadas ao transporte imprimindo a só 3 km da nosa sede.

Se queres máis información sobre como traballamos para reducir o noso impacto na contorna, visita a nosa web: catroventos.gal/ecoedicion

FSC

SEN
ácidos

SEN
cloro

SEN
metais
pesados

SEN
aceites
minerais

SEN
plásticos

AQUELADO
en Galicia

- 9 **Limiar de Fernando Ramallo**
- 13 **Na fase de aceptación**
Alba Guzmán Falcón
- 21 **Vémonos despois**
Alba María Rodríguez Díaz
- 29 **O acto político intanxible**
Alberto Mira, *Berto*
- 35 **Chegamos tarde**
Branca Trigo Cabaleiro
- 43 **A lingua de *todes***
Carla Míguez Bóveda
- 51 **Desharmonizarmo-nos**
Daniel Amarelo
- 59 **Teño 28 anos e estoume extinguindo**
Ismael Ramos
- 67 **Nós, as fillas e os fillos da diglosia**
Julieta Insagaray
- 75 **Cocermos o caldo**
Kai Lois Baltrusch Montero
- 83 **A palabra dita**
Manuel Arca Castro
- 91 **Língua de gato**
Nee Barros
- 99 **O galego no 2050**
Sara Seco Rial
- 107 **Falar por falar**
Sara Villar Aira
- 113 **Coma un dente de león**
Tamara Andrés
- 121 **Desexo**
Tensi Gesteira Estévez
- 129 **Retorno a unha nova Galicia**
Xabier Benavides da Vila
- 137 **O galego em 2050**
Xanhe Redondo García, *o Rabelo*

Limiar

Fernando Ramallo

Hai corenta anos que se aprobou a Lei de normalización lingüística (LNL, 1983) nunha Galicia, daquela, esperanzada na recuperación social do idioma galego. Se ben é certo que non estamos ante a normativa que o galego precisaba naquela altura —e menos aínda hoxe, precisamente como consecuencia das súas limitacións—, tamén o é que a LNL constituíu o marco para o desenvolvemento de medidas de protección —sobre todo— e de promoción do idioma. Parte das súas limitacións están no propio Estatuto de Autonomía, aprobado dous anos antes, que, unha vez coñecida a resolución do Tribunal Constitucional, liquidaba o deber do coñecemento do galego da poboación de Galicia e só ficou o dereito a usarmos o idioma.

Nas andainas da lingua ao longo destas últimas décadas, somos quen de identificar os abalos e os devalos, as chairas, os precipicios e os océanos, nunha combinación de penumbra, desilusión, devezo e utopía. Coa vista posta no futuro lingüístico, a imaxinación arrodéase da incerteza abafante na procura dunha ilusión cobizosa que ansiamos teña lugar. Agora ben, o devezo debe ser superado e convertido nunha realidade.

En 2021, publicamos o volume *A lingua en 2050*, no que vinte e cinco persoas maiores de corenta anos tratamos de afondar, en cadansúa visión prospectiva, sobre o futuro do idioma galego. Por esa decisión relacionada cos perfís xeracionais, o citado libro non recolleu a visión de suxeitos máis novos e, asemade, capitais no que respecta ao presente e ao futuro da lingua. Se ben é probábel que esteamos ante a mocidade máis castellanizada da historia de Galicia, tamén o é que, hogano, en parte desa xeración se constata unha maior conciencia crítica que en grupos semellantes de épocas históricas precedentes. Iso si, está ben lonxe de ser unha conciencia maioritaria; pola contra, o saber e a acción sociolingüística crítica non están estendidos, en consonancia cunha sociedade

submisas, resiliente e obediente que urxe superar se queremos que a lingua galega sexa amplamente usada polas vindeiras xeracións.

Así pois, para continuar co diálogo sobre a pertinencia ou non das nosas propias conviccións ao respecto do futuro da lingua —sempre (im)probábeis—, neste segundo volume interpelamos un grupo de persoas mozas que, nesta altura, non superan os trinta anos de idade, para coñecer a súa reflexión sobre como ven a situación social da lingua a mediados deste século XXI. Todas elas estarán na metade da súa existencia nun 2050 que se aventura entre tenebroso e revolucionario; en parte, ese futuro ha depender das responsabilidades desa xeración no que atinxe ás súas decisións políticas, económicas, sociais, tecnolóxicas e culturais, arestora e nas décadas vindeiras. O futuro depende, en boa medida, do seu pensar e do seu facer, que agardamos discorra na dirección que a humanidade precisa para ser máis xusta, solidaria, sen clases sociais e carente de explotación laboral. E as linguas teñen tamén aí o seu eixe.

Polo dito, este libro que tes nas mans apaña dezasete contribucións ao redor do presente e do futuro da lingua de Galicia, nunha mestura enriquecedora de perfís persoais e profesionais como son a regueifa, a tradución, o activismo ecolóxico, a docencia, as redes sociais, a creación literaria, o xornalismo ou a música, entre outros. As achegas manifestan un eclecticismo de posibilidades reflexivas coas que poder seguir dialogando sobre as condicións materiais nas que se desenvolve esta lingua ancestral, milenaria, cun presente parcialmente dislocado.

A síntese, entre o desexo e a realidade, aluma a urxente necesidade de traballarmos arreo para contribuír a imaxinar, vivir e aventurarlle un futuro consolidado ao carón dunha subxectividade sociolingüística política, imprescindible no sistema educativo, de aquí en diante. Rubamos na dirección acertada ata acadar o máis alto espazo da insubmisión. Non queda outra!

Na fase de aceptación

Alba Guzmán Falcón

Alba Guzmán Falcón (Ourense, 2003) é autora e comparte a súa paixón pola escrita e os libros cos estudos de Enxeñaría Mecánica na Universidade de Vigo. Ao longo dos últimos anos acadou varios recoñecementos, entre os que destacan os premios Minerva, RAG ou Xuventude Crea que lle outorgaron á súa primeira obra, *Xoaniña de Deus* (Xerais, 2022). Esta traxectoria literaria vai ligada ao seu compromiso pola defensa da nosa lingua, cultura e identidade nas vindeiras xeracións.

Aos meus pais

Teño vinte anos. As persoas que actualmente temos vinte anos nacemos no 2003. Non son datos irrelevantes: son a liña temporal que enmarca a miña realidade como ser humano; non coñecín en pel propia outras. Non vivín o Prestige, a transición, os primeiros anos da guerra de Afganistán ou os felices anos musicais da Movida. Eduqueime baixo as reformas da lingua do 2003 e a meirande parte da miña escolarización foi na cidade de Ourense. Falo un galego normativo, recargado e soporífero para os galegofalantes de a pé. Fun galego-falante de berce; fun unha adolescente reprimida que *cambiaba a un perfecto castellano para socializarse entre sus iguales* e, a día de hoxe, son unha revolucionaria orgullosa da miña fala e tremendamente hipócrita, coma todas.

Sen enlearnos moito no meu contexto, pois a miña única pretensión é facer un pouco máis coñecedor o lector do substrato das miñas opinións, seccionarei este cadáver coa axuda de *Sapiens*, unha brillante obra de Yuval Noah, que teoriza e explica toda a historia da humanidade en tres revolucións nai: as revolucións agrícola, cognitiva e tecnolóxica. Moi máis ou menos, imos empregar os seus títulos para facer comprender a miña visión e aspiración para a lingua en 2050.

A REVOLUCIÓN AGRÍCOLA e o barbeito eterno

O ensino da lingua [...] será cada vez máis coma o de unha maría, e o alumnado en xeral recibirao con menos interese, ou mellor dito, cada vez con máis rechazo.

Darío Xohán Cabana en *A lingua en 2050*

Para calquera acción, de xeito real ou metafórico, é preciso sementar e despois recoller. Este simple feito, que tardaron miles de anos en descubrir os primeiros *Homo sapiens* e que mudou por sempre a nosa metodoloxía de vida, a día de hoxe, parece conservar algún misterio para nós.

«A xente nova non fala galego», ademais dun clásico nos cafés de sobremesa, non debería supoñer algo sorprendente ou un dedo acusador na perda de falantes, desde as persoas de maior idade ás menores. A xente nova non fomos educados en galego; os nosos pais (e falo en termos xerais, porque na maioría é onde reside o problema) mudaron de vilas e aldeas ás principais urbes de Galicia. Abandonaron o seu galego, símbolo de persoa rural e toda unha serie de prexuízos en cadea, por un apoderado castelán que dalgunha forma parecía asegurar un futuro mellor. A política decidiu que materias serían cursadas en castelán e cales en galego, e os nosos docentes, que tamén foron pais e fillos, foron reservando a lingua para as clases de galego.

—*Entonces, quiero dejar claro con esto que las particularidades de las células vegetales residen en algunos componentes diferentes como los cloroplastos, vacúolos de mayor tamaño...*

[*Escribe o mestre no encerado: «Células vexetais; Cloroplastos, vacúolos de maior tamaño.»*.]

—*Profe, por que fala en castelán e escribe en galego?*

—*Porque la asignatura es en gallego, y si viene inspección me la clava.*

[A miña primeira clase de bioloxía en primeiro de bacharelato]

Quero destacar con isto que a perda de coñecemento e uso do galego nas persoas novas está directamente vinculada coa perda do galego no ámbito no que máis horas pasamos, socializamos, convidamos o noso primeiro amor a merendar xuntos ou organizamos as primeiras noites de festa entre clase e clase: nos centros de ensino. Porén, unha visión de cambio centrada no sistema educativo non é correcta. Os cambios e represións foron reflectidos no ensino, pero non comezaron aquí: foron unha causa política e social e deben ser tratados como tal en todos os espellos do calidoscopio que conforman, solución por solución.

A REVOLUCIÓN COGNITIVA ou como deixamos de pensar

A continuación do que tratábamos desde a falta da lingua na educación, van ligados todos os demais aspectos nos que está ausente e non facemos nada ao respecto: o comercio, o supermercado, os xoguetes para crianzas, as discotecas, os campos de fútbol... A lingua desapareceu e ninguén parece estrañarse máis que as persoas que vivimos e consumimos dela dun xeito endogámico, outra realidade da que ás veces tratamos de fuxir e que considero necesario criticar e facer presente.

As presentacións de libros en galego e o mundo da literatura galega, por poñer o exemplo que máis coñezo e me toca comentar, está vivo grazas ás persoas que tamén escribimos e traballamos na literatura galega; a porcentaxe de persoas alleas ao gremio que se achegan a desfrutala é insignificante. Pechouse a porta e nin imos abrilas nin reconecer que está pechada, porque iso implicaría asumir que hai un problema. É tan malo isto?

A negación é só unha das fases do loito e o loito non é o camiño; a aceptación é unha das fases da rehabilitación, moito máis acorde coa resurrección que andamos a procurar. Aceptar —que non normalizar— é o primeiro paso para poder tomar fronte ao noso problema e deixar de buscar culpables, mozos descoidados coa súa personalidade, e atopar solucións reais. Todo isto está fallando nos coloquios culturais e nos debates de partidos políticos que aseguran un compromiso con Galicia. Todo parte dunha base que non existe e non estamos a falar do que debería de ser; falamos do que é, dos recursos cos que contamos, porque eses son a nosa debilidade.

Non se consome galego, non se pode vivir do galego, o galego é considerado vulgar, unha materia insignificante que só dá traballo: iso é o que hai e o que hai que mudar. As enxeñeiras que tamén somos autoras levamos a espazos aos que en teoría «non pertencen» estas outras ramas da cultura, e, para min, diso se trata, de levar a cultura ás escolas dun xeito didáctico e divertido, non adoutrinador, de reconstruír a nosa identidade e non facela carne de exame, de permitir que na nosa literatura, ademais de obras de culto e unha calidade temática excepcional (innegable realidade das nosas letras) apareza unha Megan Maxwell, Wattpad ou o libro de Auronplay en galego. O noso obxectivo debe ser recuperar lectores e que gusten de ler en galego, un obxectivo minúsculo e vergoñento quizais, pero os pequenos chanzos permiten chegar á cima.

Que o *sapere aude* comece por atreverse a coller un libro da sección de galego e pedir o último temazo de Amorodo ou Kidmount no garito.

Vémonos despois

Alba María Rodríguez Díaz

Alba María Rodríguez Díaz. Nacín en Las Palmas de Gran Canaria en 1995, pero son de Vigo. Desde os catorce anos estou mergullada no mundo da poesía oral improvisada impartindo obradoiros e tamén desenvolvendo proxectos vinculados coa oralidade. Tamén compoño cancións, escribo e investigo sobre a regueifa e outros xéneros de improvisación galegos. Estudei Filoloxía Galega e actualmente son profesora no ensino medio.

Un día do mes de outubro de 2009 saín do meu portal de Vigo dicindo «*Nos vemos después*» e volvíñ contestando «Son eu!» ao porteiro automático. Detrás de min houbo varias leis de normalización lingüística, ausencia total da presenza do idioma do país na etapa de infantil, meus avós galegofalantes de Pantón convivindo no mesmo piso e meu irmán, que mudara ao galego algo antes ca min. Escribíñ ese día no diario: «A profe de plástica, que é arxentina, preguntoume se falaba sempre en galego e eu díxenlle que si. En realidade non, pero penso falalo de hoxe para sempre». Hoxe dánseme mal as artes plásticas, sigo a falalo sempre e cumprín o soño de converterme en profesora de lingua.

As *millenials* soñamos de xeito fragmentario, moitas veces cunha rapidez e unha falta de profundidade que calquera boomer adepto aos grandes metarrelatos criticaría. Cando na carreira nos introduciron aquel *Informe dramático sobre la lengua gallega* (1973) de Xesús Alonso Montero, advertíronnos que non podíamos caer en profecías autocumpridas con que el algunhas veces «pecaba». Mais a Alba de catorce anos non tiña nin idea de quen era Alonso Montero, nin pensaría que ese futuro era tan dramático. Só tivo un bo profesorado de galego, unha boa presada de referentes (sobre todo musicais), un irmán que a apoiou e uns pais aos que non lles importou moito o tema cando a súa filla saíu pola mañá falando castelán con todo o mundo e volveu ao mediodía falando galego con todo o mundo.

Actualmente, esta Alba do presente segue a acudir de xeito habitual á do futuro nun diario. Case sempre deito alí o bo que acontece, como unha caixa de provisións e unha cápsula do tempo para cando non teña esta forza, esta alegría, esta valentía ou esta consciencia. Só algunhas veces coloco alí as preocupacións. Hai un ano escribía sendo profesora

en Guitiriz que o meu alumnado máis novo (esa xente galegofalante con que toda profe de lingua soña na aula) estaba tanto ou máis cheo de prexuízos que o dos centros urbanos. Que non o falaba a xente, dicían, que ninguén na tele ou no youtube o falaba, que como o ían utilizar para escribir nas redes sociais, que como ían usalo para compoñeren as letras das súas cancións de rap, se así ninguén os escoitaría. A conciencia crítica que nos expuña Alonso Montero como necesaria nas clases populares e o medio rural para manter a lingua galega existía nunha moi baixa porcentaxe no instituto en que traballaba. Aí foi cando comecei o meu plan: as novas xeracións de docentes, expertas na codia dos saberes, abandeiradas do detalle e o fragmento, raíñas do *scrolling*, precisabamos mergullarnos ben en referentes e transmitilos adecuadamente para darlle a man a toda esa xente alén da xeración Z, portadora dunha lingua da que non estaban na súa maioría nada orgullosos.

En 2013 empecei a estudar Filoloxía Galega en Santiago e en 2014 saquei un disco de cancións. Antes, no medio de todos eses estudos sobre planificación lingüística, fixérame improvisadora. A máis difícil improvisación, a regueifa máis complicada, é aquela que se fai sen marcos. A miña lingua precisaba un marco legal forte e seguirá a precisalo no 2050. «O pesimismo é reaccionario», dicíanos sempre unha profesora do bacharelato. No primeiro exame que fixera con ela mollara enteira a folla do que lle chorara enriba pola anguria de some-terme a probas. Volvín chorar na carreira, pero non o farei neste artigo no que me piden elucubrar sobre o futuro. Divas do presente somos as *millenials*, *queens* da fuxida cara adiante.

Non adoito pensar moito no status da lingua dentro de trinta anos. O meu segundo oficio de improvisadora oral lévame continuamente á actualización do presente. A tendencia actual é a perda de prestixio, a perda de falantes, a perda de ámbitos, de lectores, a perda de apoio institucional, a perda, a perda, a perda. De perder sabemos bastante. «Moitas doces cousas xa se foron», comentáballe Cunqueiro ao Seoane exiliado nunha carta con data descoñecida. Mais outras aínda están por vir.

Viáxo a dentro de trinta anos. Imaxínome dando aulas nun CPI, algo pequeno que me deixe facer moitas actividades complementarias vinculadas á música. Mais cun alumnado xa moi castelanizado. E véxome tamén sabendo ben o que facer: referentes, referentes. Coñeces Nee Barros? La Bisonte, Ugia Pedreira, Olaxonmario, Tanxugueiras, Davide Salvado, Nubes baixo ti, Grande Amore, Haydn? En 2050, Malva, a miña tiktokker favorita, terá 53 anos e eu non sei se as persoas de cincuenta e pico seguiremos facendo vídeos sobre «Que lingua falarían as personaxes de High School Musical se vivisen na Galiza». Eu agardo que si, e que Troy mudase para o galego mentres se atopa a si mesmo despois de ser o mellor capitán do equipo de baloncesto.

Que situación política atravesará este país en trinta anos? Quizais poida existir un goberno, votado por persoas profundamente decepcionadas coa historia de atraso económico e colonialismo interno, que facilite o desenvolvemento laboral digno ás artistas, divulgadoras, científicas, músicas, enxeñeiras que utilizan a lingua galega publicamente. E, con elas, aparecerán referentes fortes, apoiados por medios de comunicación e por políticas firmes en favor da utilización do idioma propio da Galiza. Poñendo cartos, claro. Sen os cartos, pouco se pode facer.

Mais, por outra banda, como seremos nós? Moitas compañeiras coma min, de recente incorporación á docencia, comentan cun pesimismo bastante realista que as crianzas do futuro van comezar a estudar galego como lingua estranxeira e non como unha das propias. Non serei a típica que afirma contundentemente que todo pasa pola educación regrada en que estamos inmersas desde ben pequenas, mais ben é certo que, se conseguimos nalgún momento frear a tendencia a reducir postos de traballo de profesorado, quizais poidamos, desde abaixo, crear unha base lingüística forte. Con menos ratios, máis coordinación e moita máis conciencia do central que é o noso traballo para construímos unha mellor sociedade. Existe na actualidade o proxecto Semente, de carácter privado vinculado ao asociacionismo, mais

A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050

Imaxinando o futuro da lingua galega, as autorías d'*A lingua en 2050* (Catro Ventos, 2021) falaban de mocidade, de inmersión, de transmisión, de futuras xeracións... de futuro.

Decidimos, daquela, preguntarlle ao futuro, a esta mocidade que está a trazar o presente da lingua e a bosquexar o seu porvir, e xuntamos, de novo baixo a guía e coordinación do sociolingüista Fernando Ramallo, dezasete voces diversas que non superan os trinta anos e que aquí nos falan desde o persoal e desde o político, desde a súa realidade (o xénero, a creación artística, a investigación científica, o activismo ecolóxico e social...) e as súas arelas.

Convidámosvos con estas páxinas a unha viaxe de 10000 días cunha nova mirada á lingua que será.



www.catroventos.gal



PVP: 19,00 €

ISBN 978-84-124635-6-9



9 788412 463569

